

**PROCESO SELECTIVO DE OPERADOR/A INFORMÁTICA (2 PRAZAS POR
QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE Á OEP 2017-2018-2019 DO CONCELLO DE
VIGO (3ª FASE)****ANUNCIO SOBRE RESOLUCION IMPUGNACIONS PREGUNTAS TEST E NOVAS
PUNTUACIONS DO PRIMEIRO EXERCICIO****ACORDOS DO ORGANO DE SELECCION ADOPTADOS EN SESION DO 11/10/2023:**

Primeiro.- Proceder a analizar e resolver a totalidade dos escritos de alegacións/reclamacións presentados, no prazo outorgado, contra a puntuación do primeiro exercicio test, resultando a seguinte motivación:

**1) Alegación presentada en data 05/10/2023 en documento nº 230308945 (código de
solicitude W-978593-909)**

Solicita a anulación da pregunta nº 15 ao non contar con opción válida de resposta correcta. Indica que a resposta dada por correcta (resposta c) *TCP/IP* alude a unha pila de protocolos no seu conxunto e non a un protocolo concreto.

Procede estimar a alegación por canto ningunha das respostas ofrecidas se axusta á pregunta formulada: *¿Cal dos seguintes protocolos é fundamental para a comunicación en Internet e se utiliza para a transmisión de datos en forma de paquetes?*. O modelo TCP/IP (opción dada por correcta) é un “conxunto de protocolos” que permiten a comunicación entre os ordenadores pertencentes a unha rede. Provéñ dos nomes de dous procolos importantes incluídos no conxunto TCP/IP que abarcan protocolos de catro capas distintas: física, rede, transporte e aplicación. O protocolo IP traballa con paquetes e o protocolo tcp con segmentos ou datagramas.

En consecuencia, procede estimar a alegación, anular a pregunta e facer uso da correspondente pregunta de reserva.

**2) Alegación presentada en data 06/10/2023 en documento nº 230318262 (código de
solicitude W-979260-8935)**

En relación coa pregunta n.º 5, solicita que a mesma sexa anulada ou ben dada por válida a resposta b) *Alta, Media, Baixa* e non a a) *Alta, Media, Básica* por canto indica que segundo se pode consulta na web oficial do Esquema Nacional de Seguridade, os esquemas falan sempre de niveis de seguridade Alto, medio e baixo.

Non procede estimar a alegación, por canto a pregunta referíase a “categorías”e a resposta dada por correcta (a) *Alta, Media, Básica*) axústase ao disposto no Punto 4 do Anexo I do Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Esquema Nacional de Seguridade.

Segundo.- A vista da anterior motivación, o órgano de selección acorda:



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 16/10/2023 12:09 | Páxina 1 de 2 |
| 41052-220 | CSV: A9A23A-2EDC3E-53AE32-YYV33F-6XEC4T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



- Anular a pregunta nº 15 e substituíla pola primeira pregunta de reserva (31)
- Desestimar a impugnación referida á pregunta nº 5 do test

Terceiro.- Proceder novamente á corrección dos exames mediante o programa informático destinado a tal fin, resultando as seguintes puntuacións:

| ID | Ben | Mal | NC | Nota |
|-------|-----|-----|----|------|
| 30118 | 16 | 12 | 2 | 3.33 |
| 30818 | 18 | 9 | 3 | 4.50 |
| 30885 | 28 | 0 | 2 | 9.33 |
| 30952 | 29 | 0 | 1 | 9.67 |
| 31029 | 20 | 3 | 7 | 6.17 |
| 31096 | 17 | 4 | 9 | 5.00 |
| 31163 | 14 | 4 | 12 | 4.00 |
| 31230 | 7 | 13 | 10 | 0.17 |
| 31374 | 12 | 6 | 12 | 3.00 |
| 62741 | 16 | 5 | 9 | 4.50 |
| 62752 | 23 | 2 | 5 | 7.33 |
| 62829 | 18 | 4 | 8 | 5.33 |
| 63841 | 15 | 15 | 0 | 2.50 |
| 65741 | 20 | 1 | 9 | 6.50 |

Cuarto.- Publicar o resultado da nova corrección.

Quinto.- Contra as novas puntuacións do primeiro exercicio caberá interpoñer recurso de alzada, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a Dereito.

Nos vindeiros días, publicarase por este medio a convocatoria para a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para os/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio, segundo a táboa anterior.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria titular do órgano de selección

Mª del Carmen Pazos Area

